



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR VISITAS A MUSEOS, EXPOSICIÓNS, BIBLIOTECAS, MONUMENTOS HISTÓRICO-ARTÍSTICOS, PARQUES ZOOLOXICOS E OUTROS CENTROS ANÁLOGOS**

#### **Artigo 1.- Fundamento e natureza**

Ó amparo do previsto nos artigos 58 e 20.3 da Lei 39/88, de 18 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 de dito texto legal, este Concello modifica a taxa por visitas a museos, exposicións, bibliotecas, monumentos histórico-artísticos, parques zoolóxicos e outros centros análogos, que se viñan rexindo pola ordenanza fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada en A Guarda, a 2 de novembro de 2001, e en vigor dende o día 25 de xaneiro de 2002.

#### **Artigo 2.- Obrigados ó pagamento**

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada ordenanza, as persoas ou entidades que utilicen estes servizos ou que se beneficien directamente dos mesmos.

#### **Artigo 3.- Contía**

A estrutura e contía desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

#### **Artigo 4.- Obriga do pagamento**

1. A obriga do pagamento da taxa nace dende que se inicia a prestación do servizo ou actividades, mediante a entrada ou visita ós recintos que fai mención o título desta taxa.
2. O pagamento de dita taxa efectuarase no momento de entrar nos recintos ós que se refire o texto da presente ordenanza.

#### **ANEXO**

#### **ACCESO ÓS RECINTOS**

- Adultos e maiores de 14 anos: 1,00 euros.
- Menores de 14 anos: 0,50 euros.

Establécese como días de acceso gratuito:

- No Monte: tódolos luns do ano
- No Museo do Mar: primeiro sábado de cada mes.
- En ambos: 18 de maio, Día Internacional dos Museos.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## **VISITAS GUIADAS PREVIAMENTE CONCERTADAS**

- Adultos e rapaces maiores de 14 anos: 1,50 euros
- Menores de 14 anos: 0,00 euros
- Grupos escolares de niveis non universitarios: 0,50 euros por persona
- Visitas concertadas entre a Concellería de Turismo e os establecementos hoteleiros: 5 euros por persona